

Exposição

Organização

Reitoria da Universidade do Porto
Faculdade de Letras da Universidade do Porto
Centro Português de Estudos do Sudeste Asiático

Concepção, textos e montagem

Rui M.S. Centeno
Ivo Carneiro de Sousa

Restauro

Paula Menino Homem
Consertarte

Fotografia

Rui M.S. Centeno

Design

Miguel Teixeira

Legendagem

Dartimagem

Painéis e vitrinas

Fábrica de Móveis - António Dias da Silva (Paredes)

Seguradora

Companhia de Seguros Fidelidade, S.A.

Apoios

Comissariado para o Apoio à Transição em Timor Leste (CATTL)




Casa dos mortos, casa do sagrado
terror que atrai-repele,
afunda o sentir dos homens
fundo, onde a serpente é o altar da terra.

Pelo prumo da descida, ouço
o sussurro humano marulhante
no pélago pensante em que a vida se despoja
e cria novos seres.

Minha oferenda parca então coloco
na pedra que é o mundo unificado
na morte – cortina entreaberta
Por mãos ansiosas de ofertar-se.

E consagro o espectro ao horizonte
onde se lançam pontes e naufragam
vontades ausentes de distância
e de saudade imensa.

(Ruy Cinatti, *Uma Sequência Timorense*, Braga, 1970, p. 47)



Dando sequência a um programa de divulgação dos seus espólios museológicos que há vários anos a Universidade do Porto vem desenvolvendo, é agora apresentada à Cidade e ao público em geral a exposição “Uma-Lulik Timur” – Casa Sagrada de Oriente, que estará patente no Edifício da Alfândega do Porto entre 15 de Dezembro de 2001 e 27 de Janeiro de 2002.

Trata-se de um importante acervo museológico da Universidade, repartido por colecções do Museu de História Natural da Faculdade de Ciências, da Faculdade de Letras e da própria Reitoria, ligado à história e cultura de Timor, que pela primeira vez é exposto no seu conjunto com a adequada organização e em enquadramento formal, esperando-se que contribua de algum modo para reforçar o interesse pelo aprofundamento da investigação das características, tão específicas, das culturas e comunidades da Ilha de Timor.

Esta iniciativa constitui também uma forma de, no ano em que a Cidade do Porto é Capital Europeia da Cultura, a Universidade do Porto colocar à disposição do grande público uma parte do seu valioso património museológico convenientemente tratado e estudado.

J. Novais Barbosa

Reitor da Universidade do Porto



Galicia concretamente é, sen lugar a dúbidas, terra de emigración, tanto historicamente coma no momento presente, pois somos a comunidade autónoma de España co meirande número de emigrantes. En gran medida, a imaxe que temos de nós mesmos e a que sobre nós se ten desde fóra, está cimentada por esta complexa realidade que se veu traducindo nunha característica e diferenciadora cosmovisión e modo de estar situados na realidade, apreciable perfectamente na cultura popular, na literatura e nos nosos usos e costumes.

Estamos ante un trazo de moi fonda configuración; xa no censo de 1787 podemos estimar que aproximadamente un 13% dos varóns menores de corenta anos estaba fóra de Galicia. Os galegos emigrados case se duplicaron no transcurso dos oitenta anos que van desde o censo de Floridablanca ó do século XIX. Posteriormente, no século XX, estas cifras seguen aumentando, chegando o fluxo migratorio nas décadas dos anos cincuenta e sesenta a 23.000 habitantes por ano.

En Galicia, o fenómeno da emigración é rastrexable no mesmo corazón do medievo, cun primeiro ciclo migratorio predominante cara a Castela, Andalucía e Portugal. Un segundo gran ciclo da nosa emigración é o denominado transoceánico ou americano, que se estende desde finais do século XVIII ata o final da década dos cincuenta do século XX. O terceiro gran ciclo, denominado continental ou europeo, é o máis curto de todos, pero, sen dúbida, foi tamén o máis crítico polo maior fluxo de persoas necesitadas de saír das nosas fronteiras para buscaren un mellor destino.

Todo este longo e intenso movemento migratorio, capaz de conmover e configurar durante séculos a realidade de Galicia, supuxo tamén, en contrapartida, a forxa de determinadas virtudes do pobo galego, capaz dunha constante entrega e compromiso en calquera das situacións nas que poidera atoparse, con valores xeralmente recoñecidos como o tesón, a constancia, a solidariedade e a productividade.

Estamos orgullosos de participar neste proxecto coas institucións portuguesas e queremos agradecer moi especialmente á Universidade do Porto a oportunidade que nos brinda, no marco do convenio de colaboración asinado, de poder patrocinar este catálogo da exposición relativa ó seu patrimonio museolóxico, que ten que ver coas viaxes, coa emigración e co espírito pioneiro de tradición e de aventura, do que poden facer gala portugueses e galegos, e que permite a identificación dos mundos e o trasvase das culturas, que é o reto permanente da interculturalidade nun mundo constantemente cambiante.

José Ramón Docal Labaén
Presidente da Fundación Caixa Galicia

O home, a tecnoloxía, o mundo, o desenvolvemento, a transformación, a terra, o pensamento e a produción constitúense en piares conceptuais da Fundación Caixa Galicia no seu afán de propoñer á sociedade, día tras día, unha oferta de actividades singulares no sentido máis amplio da cultura, dende os parámetros de innovación productiva, diversidade creativa e integración cultural.

A sociedade da información obriga a modificacións globais nas organizacións. Está liña de tendencia está a producir resultados positivos para fomentar sinerxias que faciliten en varios frentes distintos, novas liñas de desenvolvemento na acción cultural, como poden ser a creación de redes de información e de redes académicas e profesionais, a potenciación das actividades formativas e de apoio ás investigacións de interese productivo e a xestión de programas multiculturais de calidade.

As fundacións, como servicio á sociedade e a cultura, orientanse cada vez máis cara ó mundo exterior e asumen unha cuota de responsabilidade compartida no desenvolvemento tecnolóxico e cultural, que esixe planificación e xestión estratéxica axustada á demanda. Tendo en conta o acceso á sociedade do coñecemento e o papel da formación e a cultura na Europa das rexións, onde Galicia e o Norte de Portugal configuran unha eurorexión de futuro, téñense acentuado en xeral as políticas concretas con rasgos distintivos en:

- A incorporación e fortalecemento dos sistemas rexionais de producción
- A definición de perfís, para artellar posicionamentos estratéxicos dende o punto de vista da eficacia e eficiencia dos recursos
- A responsabilidade do terceiro sector (sector non lucrativo de fundacións e ONGs), para contribuir, xunto co estado e o mercado, ó desenvolvemento social e cultural.

Dende esta perspectiva, pódese afirmar que estes últimos anos foron os da transformación productiva e económica. Os próximos serán os da metamorfose tecnolóxica e do coñecemento. Ademais de insistir no aumento da productividade dos recursos materiais, cómpre poñer énfase na formación e a aprendizaxe das persoas que haberán de conformar a nosa eurorexión, Galicia-Norte de Portugal, do terceiro milenio.

Non podemos esquecer que tanto Galicia como Portugal somos pobos de tradicións e, en ámbolos dous, a emigración configurou de xeito sustancial a nosa realidade económica e social ó longo de séculos.

Pobos definidos pola impronta da emigración que souberon construír desde a necesidade, incluso convertendo as carencias e as ausencias en recurso motivador da existencia, a subsistencia e a productividade.

